

De: Carlos Salgado
Obxecto: Algunhas cousas que teño para ti
Data: 21 Xaneiro 2010 12:33:57 GMT-03:00
A: Mauro Salgado

Caro Mauro:

Teño para ti unha Lei da Natureza, que é universal en espazos planos, enunciada por un inglés no século XVII. Di así: a forza gravitatoria entre dous corpos é proporcional ás súas masas inerciais e inversamente proporcional ao cadrado da distancia que as separa. Teño tamén un Teorema, enunciado por cerebros fugados gregos que vivían no que hoxe é Italia. Di así: nun espazo Euclídeo o cadrado da hipotenusa dun triángulo rectángulo é igual á suma dos cadrados dos seus catetos. Teño tamén unha Teoría enunciada por un xudeu alemán perseguido polos nazis que acabou sendo un cerebro europeo fugado aos USA. Di que a velocidade da luz é a mesma en todos os sistemas inerciais. Parece pouca cousa, pero ten consecuencias fantásticas. Teño tamén un Principio enunciada por un nobre francés que quixo frear esa fuga de cerebros europeos e conseguiu que se crease en Xenebra o laboratorio máis grande do mundo. (Xa irás vendo que os Europeos sómosche ben contraditorios). Di que onda ou corpúsculo son dúas manifestacións dun mesmo obxecto físico. Estes enunciados están entre os máis grandes descubrimentos que a Humanidade ten feito. Cóntochos na lingua na que falamos de cousas máis cotiás, pero non menos importantes.

Mándoches este mail desde o bus que nos leva á conferencia onde teño que dar unhas charliñas, no Mato Brasileiro. Aquí recoñezo tamén a lingua dos meus avós, os teus bisavós.

Pórtate ben, un bico

Carlos Salgado
Físico

DO GALEGO